



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) vén de informar ao Consello da Xunta celebrado esta mañá sobre a **resolución da convocatoria 2016 do Programa Conecta Peme**, que investirá preto de 25 millóns de euros, cofinanciados con fondos FEDER, para mobilizar máis de **47,6 millóns en proxectos de innovación** liderados por pequenas e medianas empresas galegas. Este investimento supón un **30% de incremento respecto da convocatoria anterior** -correspondente ao ano 2014-, con preto de 5,6 millóns máis de orzamento.

O obxectivo deste programa é reforzar a capacidade de recuperación das pequenas e medianas empresas con base no coñecemento, desenvolvendo iniciativas de colaboración nas que priman a transferencia dos resultados ao tecido empresarial. Esta iniciativa enmárcase dentro dunha estratexia integral de innovación que está a desenvolver a Administración autonómica e que, coa participación de todos os axentes do Sistema Galego de I+D+i, persegue incrementar a competitividade do tecido empresarial.

A resolución da terceira edición do programa apoiará **61 proxectos** nos que participan **228 empresas**, das que **o 90% son PEME**, e contan tamén coa **participación de centros tecnolóxicos** da comunidade. As iniciativas presentadas, que supoñen unha innovación disruptiva ou radical e que xustifican un alto impacto económico, desenvolveranse até o ano 2018. Búscase así impulsar a xeración de solucións innovadoras a necesidades estratéxicas para Galicia, que ao tempo sexan competitivas no mercado global; mobilizar capital privado con destino á innovación; fomentar a unión de capacidades científico-tecnolóxicas procedentes das esferas pública e privada; e crear emprego de calidade. De feito, a través dos proxectos seleccionados, poderanse xerar máis de 100 postos de traballo.

Así mesmo, desde o punto de vista estratéxico, as principais novidades desta edición son un **maior aliñamento coas prioridades temáticas** establecidas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) e o apoio por primeira vez a **proxectos de innovación en organización e mellora de procesos**, como reflicte a Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0. Na resolución da convocatoria tívose en conta o novidoso das tecnoloxías xeradas, pero ademais, e moi especialmente, a súa capacidade para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia.

A resolución do director da Axencia Galega de Innovación será publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia (DOG) e pode **consultarse xa na páxina web de GAIN**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.